

A representación dos espazos rurais e urbanos na poesía galega actual: imaxinario territorial, localización e globalización

María López Sáñez

[Recibido, xaneiro 2011; aceptado, marzo 2011]

RESUMO Partindo do xiro espazocéntrico que se produciu nas últimas décadas na cultura occidental, que levou a unha proliferación do pensamento arredor do espazo enriquecido polos fenómenos contemporáneos da globalización e as estratexias correlativas de localización, e tendo en conta as reflexións sobre a evolución das cidades postindustriais, os modos de habitación dos espazos, o desenvolvemento da ecocrítica e o ecofeminismo, as achegas interdisciplinares que xungen conceptos como a xestión do territorio, o turismo e os modos de representación, faise fincapé no interese que reside na análise das plasmacións literarias e poéticas do territorio en relación coas estratexias de resistencia e a xestión da identidade. Consonte este marco global, ofrécese un percorrido pola poesía galega actual co obxectivo de detectar as transformacións operadas nas estratexias tradicionais de uso do territorio como condición simbólica da identidade e analizar e interpretar a ampliación de realemas e espazos, os xogos deconstrutivos e a inserción de espazos alleos á poesía tradicional que modifican radicalmente o tratamento do espazo no discurso poético.

PALABRAS CHAVE: cidade, espazo, poesía galega actual, representación.

ABSTRACT During the last decades in Western culture, a spatial and central turn has taken place which has led to a proliferation of the lines of thought on the concept of space, enriched by contemporary phenomena such as globalization and correlative strategies of location. Reflections on the evolution of post-industrial cities, modes of inhabitation of the space, the development of Ecocriticism and Ecofeminism, the interdisciplinary contributions which may join together concepts such as the management of the territory, tourism and ways of representation, constitute a global frame wherein the analysis of poetical and literary shapes of the territory acquire a renewed interest in the analysis of the strategies of resistance and identity management. Contemporary Galician poetry constitutes a suitable field to detect transformations within the traditional strategies of territorial usage as a symbolic condition of identity because the space in poetry, unlike it occurs within narrative, is alleviated

from the dimension of the scenery or spatial frame and is, quite often, the proper centre of lyrical production, a source of an evocation or the *locus* of the reflection. The main goal is to analyse and interpret the well-known amplification of realmes and spaces in contemporary Galician poetry, the deconstructive games and the insertion of spaces foreign to traditional poetry which radically modify the treatment of the space within the poetical discourse.

KEYWORDS: city, contemporary Galician poetry, representation, space.

48 A poesía é o único dos tres grandes xéneros nos que a non-espacialidade semella posíbel. Se a representación teatral non se pode concibir sen un espazo; se a narración, o acontecemento, implica necesariamente o lugar do acontecido; a pura expresión ou efusión que constitúe en moitos casos o texto lírico pode existir, *a priori*, con grande independencia con respecto aos elementos espaciais. Con todo, aínda que pareza contraditorio, hai unha íntima relación entre o espazo e mais o discurso lírico, unha conexión fonda e estreita con moi diversas plasmacións na tradición histórica da lírica occidental. Son moitos os elementos que avalan esta afirmación: dende os tópicos descritivos, que dende antigo foron revisitados, até a existencia de xéneros, tales como a égloga, nos que a dimensión espacial ten unha importante función e unha indiscutíbel capacidade definatoria.

Na poesía galego-portuguesa medieval, particularmente na forma máis tradicional da cantiga de amigo, o espazo está tan presente que resulta a miúdo humanizado, apostrofado e convertido, non só en escenario, senón tamén en confidente. Pero o espazo é tamén un elemento central no Rexurdimento. A súa dignificación, nun momento no que a paisaxe se convertera xa nunha categoría cultural, é un dos eixes dunha obra tan significativa como *Cantares gallegos* (1863), onde aparece como a motivación fundamental para a creación poética. Por iso non é estraño que os diversos espazos se cargasen semiótica-mente na arte; “as ideas de campo e cidade ou, para sermos máis exactos, de aldea e cidade, foron e veñen sendo na literatura e no pensamento nacionalista galegos moito máis ca meros referentes espaciais” (Moreno Villar, 1997).

O Rexurdimento adoptou o desgusto romántico cara ao ámbito urbano, un desgusto que, no noso contexto, por razóns históricas e sociolingüísticas, adquiriu connotacións de alienación e disolución da identidade; pola contra, e en consonancia cos discursos ruralistas máis estendidos, o campo e a paisaxe natural convertéronse en símbolos identitarios. Neste contexto, a poesía

xogou un papel decisivo na conformación, consolidación e espallamento dun imaxinario paisaxístico fondamente enraizado na paisaxe natural e no mundo rural, mais dun xeito moito máis complexo do que nun principio poida parecer, porque a chegada da posmodernidade supuxo un distanciamento con respecto aos modos tradicionais de construción da identidade e, en coherencia, a poesía galega actual promoveu unha nova visión dos espazos tradicionais, deu un paso decisivo no asentamento dos espazos urbanos e acolleu espazos tradicionalmente ausentes. Quizais isto explique por que, nos últimos tempos, se agudizou a conciencia da necesidade dunha maior integración da cidade no imaxinario territorial e por que a crítica literaria deu o beneplácito a toda incorporación deste tipo como un signo desexábel de modernidade narrativa e cultural.

Mais non debemos simplificar excesivamente as cousas. Os espazos tradicionais e tópicos da poesía non desaparecen, obviamente, no discurso poético máis actual. Non hai que esquecer que cando falamos da produción poética dos últimos anos estamos a falar de moitos autores, de distintas idades e xeracións, e dunha produción e publicación tan abundantes que conforman un período moi vizoso, moito máis prolífico que calquera dos que se deron con anterioridade na nosa historia, con excepción, quizais, da época medieval. Na poesía galega actual atópanse abundantes referencias ao mundo rural tradicional e, normalmente, estas referencias están asociadas á nostalxia e gardan unha estreita relación co tema do paso do tempo. Isto é habitual en autores que, malia seguiren escribindo nos últimos anos, están xa nunha fase de madureza da súa obra creativa. Un caso destacado sería o de Miguel Anxo Fernán-Vello. O nexo entre o espazo e o paraíso perdido da infancia que proxecta unha visión nostálgica repítese en moitos dos seus poemas máis recentes que, por iso mesmo, exemplifican o mantemento dalgún dos xeitos tradicionais de descriución do espazo natural, mesmo na súa dimensión de imaxinario identitario. O poema “A casa”, incluído na antoloxía de Rodríguez (2004: 533), proxecta sobre elementos do mundo rural como as corredeiras unha visión crepuscular de perda:

As corredeiras brillan cunha luz de sepelio (...)
un sepelio de camiños baleiros
e a alma fría e desolada
como un país sen memoria
que xa non existe no futuro.

Outro exemplo disto, entre as composicións do autor presentes na antoloxía, sería o poema “Cantiga Finisterrae para múltiples voces de luz”, no que se repite o verso “País de terras verdes que van morrer ao mar” (p. 539). Este verso ofrece unha visión constatativa de Galicia acorde cos modos tradicionais de plasmación espacial. Cómpre subliñar aquí a presenza do adxectivo “verde” que, dende *Cantares gallegos*, adquiriu unhas connotacións e un valor identitario preciso.

Nos poetas máis novos tamén aparece o rural. Autoras como Lupe Gómez ou Olga Novo fan representacións desta paisaxe como signo de diferenza e identidade, ao tempo que reivindicán o mundo da aldea como inspiración e fonte da súa poesía. Pero hai outros exemplos. En *Pedinche luz prestada* (2001), de Marica Campo, tamén se manifesta a presenza da ruralidade. Ademais, neste caso, a conexión entre espazo e memoria convértese en reflexión poética, algo acorde con algunhas das tendencias da poesía máis recente:

É coma se os lugares
puidesen preservar
a súa memoria.
Coma se recordasen
aquilo que as persoas
non queren recordar

(María do Cebreiro, 2008: 46).

Debemos ter en conta que aquilo que o tóxico do paraíso perdido da infancia presenta como irrecuperábel en termos de historia individual, tamén se atopa en trance de transformación e perda nun sentido colectivo e con esta ambigüidade tamén se xoga na poesía: “Chove por nós e cae unha tarde triste / enriba das vacas últimas / dos prados tristes, e somos illas” (Darriba, 1997: 38).

Pero cómpre facer unha distinción importante. Dos dous escenarios maioritarios da tradición literaria, o mariño e o rural, o mar mantense con abraianta vitalidade na poesía galega. A isto contribúe, sen dúbida, o feito de que o mar é unha das fontes de metáforas máis poderosas da literatura universal; mais tamén a extracción dos poetas que integran o Batallón Literario da Costa da Morte e mesmo o diálogo ineludíbel que na poesía dos últimos anos se establece con Manuel Antonio e as vangardas e que o poñen a salvo da asociación coa identidade folclorizante. Pola contra, os espazos rurais, precisamente os

que a tradición poética dende o Rexurdimento asentou con maior forza como base identitaria, teñen unha presenza menor e, cando se presentan, non aparecen tratados dende a afirmación, senón dende o cuestionamento ou cando menos dun xeito autosinalado, consciente do propio carácter herdado e convencional dos espazos evocados, de xeito que a referencia espacial se converte nunha maneira de crear unha alusión intertextual dentro do poema, como acontece na composición de Forcadela incluída no seu poemario *Refutación da musa* (2001), significativamente titulada “Égloga”, na que se acaba desvelando o carácter tópico do escenario e os personaxes construídos e cuestionándoos a través da asimilación a outros discursos semióticos:

Daquela ninguén sabe se estamos certamente
Nos tempos da bucólica sublime poesía
Ou é que están rodando un filme sobre o mar
Película de incertas temáticas nocturnas
E son, o Pan e a Lidia, actores soamente

(Forcadela, 2001: 15-16).

O xogo oposicional entre campo e cidade, idea dominante de toda a tradición occidental, tamén está presente de xeito explícito na poesía galega actual. Un exemplo notábel é o de *Ausencias pretéritas* (1992), de Miro Villar, onde as cidades visitadas dos sonetos do caderno sexto se contraponen ao contorno rural das orixes do caderno quinto e a cidade de Santiago adquire o papel de síntese e resolución da antítese. Cómpre ter en conta, neste sentido, que no discurso literario e na conformación da identidade galega ocupan un lugar importante as visións negativas da cidade. Isto débese, en parte, ao papel que xogou o rural na conformación da nosa identidade histórica e tamén ao feito de ser a cidade, socioloxicamente, o ámbito máis castelanizado. Na poesía, a plasmación deste sistema de valores traducíuse máis nunha ausencia ou unha presenza minoritaria e reducida ca nun discurso explícito de carácter negativo. O urbano tivo tradicionalmente unha menor carga de lirismo, moito máis aínda se facemos referencia a aqueles aspectos da cidade menos idealizados, pero nos últimos anos foi consolidándose unha liña poética que pretende ampliar abertamente os realementos e o ámbito do dicíbel en poesía e por iso estes aspectos propios dun realismo suxo que apareceran de xeito máis temperán na narrativa invaden agora tamén o universo da poesía. Fran Alonso é un exemplo de preferencia por este mundo previamente ignorado neste xénero. Xa dende o primeiro poemario, *Persianas, pedramol e outros nervios* (1992), o

ambiente é urbano, abafante e claustrofóbico e esta tendencia á plasmación non estetizante da cidade confirmase en poemarios posteriores como *Tortillas para os obreiros* (1996), nos que este é o lugar en que transcorre unha vida marcada pola monotonía e a vulgaridade. Tamén Novo, en *Esteiro de noites falecidas* (2007), reflicte un contorno urbano marxinal, un submundo que, aínda que se introducira xa con anterioridade na narrativa, tardou en consolidar a súa condición de realidade poetizábel. Non faltan fragmentos poéticos nos que se poida atopar unha canle de expresión na propia poesía para a reflexión sobre o carácter alienante do contorno urbano.

Malia todo, a inclusión decidida do urbano é, como dixemos, unha das canles fundamentais de incorporación de novos realemas de natureza espacial, xunto con outra gran liña, a inclusión de espazos non galegos, que evidencia un afán de universalidade. Isto plásmase, en ocasións, nunha enumeración de topónimos. As enumeracións de topónimos teñen unha raizame tradicional—no propio *Cantares gallegos* hai poemas construídos sobre este mecanismo retórico— pero na poesía máis recente estas enumeracións reverten decote sobre espazos non galegos: “Desde Bilbo e Brest chegaron cartas, / e de Hamburgo, Berlín e de Viena” (Rivas, 1996: 33).

52

Manuel Rivas, de quen son estes versos, ten algúns poemas inzados de referencias europeas, de lugares e outros elementos da cultura (Delft, Vermeer, o Rijksmuseum, Yeats...) que conforman unha poesía ateigada de alusións culturais propias dun imaxinario globalizado. En ocasións, a vontade de establecer nexos e analogías emerxe de xeito explícito, como neste verso tirado de *Tortillas para os obreiros*: “Vigo desde aquí parece Nova York”, onde se establece unha analogía semellante á que atopamos en Pozo Garza: “Chovía en Oxford / coma chove na nosa patria insomne” (1991: 431.). *As arpas de Iwerddon* (2004), de Luz Pozo, é un poemario centrado na súa totalidade nos espazos irlandeses, nas rúas de Dublín, aínda que tamén aquí Irlanda funciona como referente de asimilación: “Todo é sagrado aquí igual na miña terra” (p. 706). Outro caso de incorporación de lugares alleos sería o último poemario de M^a do Cebreiro, *Non son de aquí* (2008). As implicacións identitarias deste escenario globalizado fanse patentes dende o propio título. O desarraigamento e a falta de sentimento de pertenza remiten a un suxeito posmoderno de identidade lábil e complexa, o que non impide a denuncia, por exemplo, do impacto ambiental de Reganosa e Endesa nun dos poemas. Os exemplos poderían multiplicarse: Venecia como espazo e como fonte de intertextualidade (“Venecia

sen ti”) nun poema de Marica Campo de *Pedinche luz prestada* (2001); o Teixo e Lisboa nun poema de Ana Romaní no libro colectivo *Mulher a facer vento* (1998) etc.

A cidade, galega ou allea, aséntase decididamente como marco espacial da experiencia amorosa en Miro Villar ou do traballo e a enfermidade en Fran Alonso. Se os poetas da xeración dos oitenta acolleran o urbano a través da mesma visión cósmica que proxectaban sobre a natureza, os da xeración dos noventa retratan o mundo urbano da sociedade de consumo. *Moda galega* (2002), de María Reimóndez, céntrase nas rúas comerciais dun Vigo que representa o capitalismo e o consumismo e tamén o urbano marxinal, degradado, sen buscar a transcendencia que outorgaban as visións cósmicas. Noutras ocasións, a perspectiva negativa da cidade fusiónanse coa denuncia ecolóxica, como no poemario *Cidades* de Fran Alonso:

Os peixes da cidade morren
nas augas violetas do peirao.
Afogan entre os fumes dos barcos,
e o sabor agre do mar.
Todo o mar azul está contaminado.
Os peixes da cidade morren
flotando nas augas sucias do peirao”

Es feliz
ata que os ollos se che anubran
brutalmente,
e toses, contraído,
pola contaminación

(Alonso, 1997: 20, 24).

Este poemario, de gran sinxeleza, representa perfectamente a ambigüidade da tensión que xeran os espazos urbanos:

Esta miña urbe ten moitos defectos.
Entre os seus mil ruídos,
soa unha sirena.
E sei que faltan árbores.
E non hai parques longos, coma o tren.

E as xentes son estrañas entre si.
Os paxaros marchan
Porque non hai silencios apagados
e os edificios derrétenlles o voo.
Pero eu quéroa porque
é a cidade onde nacín

(Alonso, 1997: 8).

54

Pero talvez o extremo do esforzo que se fai por conquistar espazos tradicionalmente vedados á palabra poética se atopa na aparición dos espazos do escatolóxico. Un caso paradigmático constitúeo *Hai cu* (2007), de O Leo, no que a provocación xoga con que se a poesía foi algunha vez concibida como palabra sagrada, emparentada xa non só coa filosofía senón tamén coa oración, tamén pode tornarse blasfemia. Por iso os espazos do poético son, neste caso, o váter, a porta do baño e a latrina. Noutros poemarios, esta mesma actitude emerxe puntualmente con similar vontade rupturista: isto explica versos como “Hoxe a auga está gris merda”, de *Tortillas para os obreiros*. Os intentos de levar o acto poético, o recital, e, polo tanto, a presenza da poesía a espazos novos alleos á actividade cultural están relacionados, sen dúbida, con esta actitude de incorporar os espazos prohibidos ao ámbito da lírica.

Un dos trazos do culturalismo dos poetas dos oitenta era a forte intertextualidade. A reacción contra o exceso de culturalismo nos autores da xeración posterior levou a un discurso máis directo, unha procura de naturalidade e de maior comunicación. Pero isto non implicou unha desaparición da intertextualidade, senón que se seguiu escribindo dende a perspectiva da “crítica, o humor e a reivindicación, cando non dun complexo sistema de deconstrución do discurso herdado” (Nogueira, 2006: 101).

Unha análise da antoloxía *Amor en feminino*, de Cacheiro Varela (2006), permite constatar a presenza, nos últimos poemas de autoras de longa traxectoria, dos usos tradicionais do espazo na poesía amorosa feminina (espazo como marco do amor, metáforas espaciais para a expresión da experiencia amorosa, aparición da natureza como confidente); a diferenza estaría en que, a miúdo, todo isto, no canto de facerse dun modo directo e, por así dicir, inocente, faise dun modo autosinalado, nun xogo intertextual explícito que dialoga coa tradición. Isto víñase facendo xa, en parte, dende os anos oitenta: así ocorre en “Agora contemplamos a mar de Vigo”, incluído en *Códice*

Calixtino (1986), de Luz Pozo Garza. No xogo intertextual coa lírica medieval o mar de Vigo complica o seu lugar no poema: non é só marco ou confidente, senón centro mesmo, motivo do paratexto, clave intertextual e mesmo obxecto amoroso. Dun xeito semellante, noutra composición do mesmo poemario, a que leva por título “Chovía en Compostela”, a dimensión amorosa redúcese a un sutil “Mais non estabas ti...”, unha ausencia no medio dun espazo que, deste xeito, se agranda até converterse no corazón do poema. Cando o espazo e mais a temática amorosa se conxugan, faise, a miúdo, dende a experiencia da ausencia. O espazo é o lugar da lembranza, o escenario no que se viviu o tempo feliz do amor, o ámbito no que se experimenta agora a ausencia. Nesta caste de poemas hai un vencello entre o espazo e a saudade que permite evocar o tempo pasado e, por iso mesmo, imposíbel de recuperar. Esta mesma cualidade intrinsecamente nostálxica do espazo explica moitos dos seus usos poéticos.

Outro aspecto moi interesante para a nosa análise é o da “erotización da paisaxe” (Roger, 1997); isto é, a proxección sobre ela de metáforas e valores do corpo, fundamentalmente feminino. No caso da poesía amorosa o funcionamento é máis ben o inverso, substitúese a anatomía pola xeografía dando lugar a textos de grande suxerencia erótica. A antoloxía de Cacheiro Varela (2006) fornece numerosos exemplos. No poema “Non te esquecía amor”, de Pura Vázquez, incluído no poemario *Desmemoriado río* (1997), encontramos un claro exemplo disto: “Tremíanme no peito as sembradías (...) / Fun áxil corpo. Un cáliz de magnolia” (Cacheiro Varela, 2006: 22). Algo semellante podemos atopar nun poema do ano 1992 de M^a do Carme Kruckenberg: “Quixera adoi- tar a estrutura do espazo / ao movemento compasado do meu corpo” (Cacheiro Varela, 2006: 42).

A dualidade espazo / corpo é fonte de innumerábeis metáforas e desprazamentos de significado: do corpo ao espazo e viceversa, da identidade individual á colectiva. Nación e muller confúndense, sen ir máis lonxe, nos versos de Rivas (1995): “Muller tan solitaria, / nación inaccesíbel / nos meus brazos”. A fusión destes dous elementos dota dunha gran sensualidade e capacidade de suxestión erótica a elementos espaciais que se explotan ao máximo no discurso lírico. Esta asociación, presente na poesía dende antigo, faise explícita na poesía galega actual como parte do xogo de desvelamento das engrenaxes mesmas do texto. Véxanse, por exemplo, estes versos de Alonso (1997: 24):

O teu corpo é unha cidade
e, intensa mente,
córreche o tráfico polas veas
e as arterias.
E cando choras é o mar,
que se revolve,
humidamente.
E na pel médranche edificios,
tan supetamente,
e nos dedos arrabaldos.
E podes ser feliz sentindo o latexar
da ida toda que levas dentro,
urbana mente.

Noutros casos, a conciencia do xogo de identificar espazo e muller revéla-se a través da negación, como nos versos de María do Cebreiro (2008: 54):

Patria, non son teus ollos
de avelá nin de mel (...)
Non es muller que chora
lavando coas súas lágrimas
o sexo, enxugándoo
cos fíos da súa cabeleira.

56

Un factor do sistema literario que nos últimos anos ten influído na relación entre lírica e espazo é a conciencia, cada vez máis aguda, do papel de promoción turística que o texto literario pode exercer. Nunha época de desacralización do discurso lírico xa non resulta sacrílego, como sen dúbida o sería para certas poéticas, que o texto literario teña unha función declaradamente promocional. Estes procesos e a súa exacerbación a partir dos anos noventa foron analizados por María do Cebreiro (2006) en relación á cidade de Compostela e á promoción do Ano Santo Compostelán: antoloxías de textos prospectivas, como *Os pousos da pedra* (2000), e retrospectivas, como a escolma realizada polo concello en 2004; o uso da poesía na tarxeta postal, como na serie “As chaves de Compostela”, ou a creación da colección *Poeta en Compostela* testemuñan a vitalidade deste fenómeno que se sitúa dacabalo entre a literatura e o turismo. Trátase dunha tendencia en espallamento que non se limita á cidade ou ao camiño xacobeo. En 2008 apareceu a antoloxía *A Coruña á luz das letras*, dedicada á exaltación e evocación poética da cidade da Coruña que, malia o seu carácter misceláneo (mestura poemas e textos en

prosa; textos creados *ad hoc* e outros extraídos de obras previas), permite extraer conclusións significativas. Deterémonos un pouco nelas.

Os poemas que pretenden construír unha imaxe urbana global son minoritarios. Máis que buscarse unha proxección de conxunto, en cada poema tende a escollerse un elemento illado; dous ou tres ao sumo, para facer, así, unha achega metonímica á cidade: o mar e a Torre de Hércules son os elementos máis repetidos e ubicuos, aínda que tamén ocupan un lugar destacado as evocacións de rúas e prazas, o Castelo de San Antón, o Obelisco do Millenium e os xardíns de Méndez Núñez. A dimensión mítica e histórica fúndese con estes espazos e o mesmo ocorre co carácter nostálxico en evocacións do espazo da infancia. Este último aspecto resulta dominante no conxunto da antoloxía. A evocación nostálxica vencellada a este tópico é, como dixemos, a vía a través da cal atopamos as plasmacións espaciais máis continuadoras coa tradición. Sirva de exemplo desta liña tan presente na obra o poema de Alberte Suras, no que os nomes de rúas emerxen puntualmente pero o protagonismo recae na noite de reis e os xogos de verán, que teñen unha presenza que se impón á cidade, convertida en marco do recordo. Noutros poemas, minoritarios fronte a esta tendencia maioritaria, o espazo xeográfico fusiúnase co espazo sociolóxico. Unha boa mostra disto é o poema que abre a antoloxía, de Afonso Becerra, no que hai unha achega metonímica cun papel destacado para a Torre de Hércules, que se reforza con elementos mitolóxicos: “Na Torre non se ergue Ith senón Tí” (p. 13); mais, significativamente, o título do poema é “A cidade invisible”, pois máis que unha presenza urbanística e material, a cidade é, no poema, unha realidade sociolóxica na que se opoñen dous modos de ser, vencellados a espazos emblemáticos, que inclúen algúns dos lugares de recente incorporación aos textos poéticos:

Chamas e dicimos Cruña contra os señores dos Cantóns.
Dicimos Cruña e baixamos á Cova Celtiga do Sex Machine ou do Puticlub.
Camuflados entre os paseantes dicimos Cruña contra os señores
dos vestíbulos e os foyers e os halls do pazo
da ópera, do Rosalía e do Colón,
contra o teatro da vida,
por sermos servos de Talía e fillos
de Casahamlet.
O noso amor abrollaba en Ti e facíate
eterna

(AA. VV., 2008: 13).

Pero o máis novidoso no achegamento ao espazo, o máis identificativo da poesía galega actual, emerxe en poemas nos que hai un desvelamento do seu carácter de produción de circunstancias e de encarga, nos que se produce unha reflexión sobre a natureza e os trazos específicos dos poemas dedicados a un lugar, nos que resulta rechamante a inclusión de sitios e elementos pouco convencionais, propios da cidade posmoderna, e nos que aparece a contradición e hai un tratamento irónico dos lugares comúns e se fai uso da preterición para incluír elementos supostamente esperábeis da situación comunicativa, sen que esta inclusión poida ser tachada de inxenua ou tradicional. Nestes casos, négase o sentido do acto de crear un poema como xeito de dignificar e enxalzar un espazo, co que, dende o enunciado, se está cuestionando e deconstruíndo a propia situación de enunciación. Sirva de exemplo o seguinte poema de Estíbaliz Espinosa:

Nos poemas dedicados a un lugar
un espera unha confesión
Nesta cidade morrín

Unha enumeración de espazos
significativos.

Plazuelas, vistas, recunchos,
penedos (...)
Non serás máis marabillosa nin
máis digna por aparecer neste
poema: de todas as formas de
facerche inmortal, a máis
imperfecta
a máis idiota”

Que parvada, ves? O poema
remata
e nin sequera falei de nada: nin
Mencionei o soño recorrente
de que che engole un tsunami
que me gusta a túa estatua da
Unión y el Féniz

ou verche as torres da refinería
dende a autoestrada de Arteixo

ou as pedras do dique

ou as fotos antigas co
ultramarinos El Sol que abriran os
avós

coa Champanera Cantábrica

ou as fotos onde o meu pai
sempre é un forasteiro nas túas
lousas

(...)

o meu pequeno núcleo familiar
adorado, atado a ti como a un
embigo (...)
e ti crescendo

civicamente, europeamente

ao tempo que mingua a
posibilidade de escribir palabras
novas sobre ti

neste poema que esborrancho
entre a vida artística e a familia.
De todos os xeitos de facerche
inmortal, este, o menos mediático

este, o menos luminoso

o máis parvo.
Minguando ata os puntos
suspensivos.

Os puntos suspensivos...

crúas incisións no texto que
brindan ao lector

a posibilidade de pechar

un infinito

unha imperfección por tanto

un infinito

(AA. VV., 2008: 37-42)

Se contrastamos a antoloxía *A Coruña á luz das letras* (2008) coa que Xosé Filgueira Valverde fixo sobre Compostela en 1969 e que foi analizada por María do Cebreiro (2006), podemos extraer algunhas conclusións significativas: a antoloxía de Filgueira Valverde adopta unha ordenación temática e histórica que privilexia a dimensión lírica da cidade e promove unha “orientación folclorizante” da identidade galega; pola contra, a antoloxía sobre A Coruña adopta un principio construtivo de mera xustaposición, polo que o marco textual non impón unha interpretación nin ordena a pluralidade caleidoscópica máis alá da ineludíbel orde imposta pola liñalidade do texto escrito. Por iso, aínda que moitos poemas seguen encadrándose nunha liña evocativa lírica e simbólica, o conxunto é máis complexo e contraditorio, con composicións que introducen a ironía, o cuestionamento, a crítica e o distanciamento. Malia que os lugares emblemáticos sigan a ser os máis representados, o resultado conxunto é máis descentrado e menos xerarquizado e estas diferenzas poden, metonimicamente, extrapolarse para unha caracterización global da poesía galega actual.

60

Nunha extrapolación semellante, tamén é significativo respecto ás direccións poéticas dos últimos anos o repaso que o *Anuario de Estudios Literarios Galegos* fai da produción poética de 2007. O traballo de Nogueira salienta a gran relevancia adquirida polos espazos; mais dende unha perspectiva plural, lonxe de calquera homoxeneidade, que abrangue dende o París enfocado dende as coordenadas da ficción científica en *Derradeiras conversas co capitán Kraft* de Oriana Méndez, até a realidade rural galega a través do prisma do humor e o distanciamento irónico de *Shakespeare mata o porco cunha rosa* de Ramón Reboiras, pasando polo Vigo de *Fóra do sagrado* de Anxo Angueira. Se nun marco temporal tan reducido é posíbel atopar direccións tan variadas, é evidente que a dispersión aumenta se ampliamos a perspectiva, aínda que só sexa para abranguer a poesía das dúas últimas décadas. Atopamos espazos rurais, mariños e urbanos, dende a múltiple perspectiva do laudatorio, o evocativo e o nostálxico; textos con vocación de construción de identidade e outros nos que o discurso é autosinalado, irónico e distanciado e a visión resultante desmitificadora e desidealizadora. Pero a todo isto cómpre sumar a denuncia ecoloxista e de destrución do medio, dende as prácticas poéticas xurdidas a partir do Prestige até a denuncia do feísmo urbanístico: “antes de que alí construíramos as urbanizacións / antes de que a nosa suor deixara de ser terra para trocarse en avaricia” (Chus Pato, 2006: 23); ou mesmo o rexeitamento da destrución homoxeneizadora da concentración parcelaria:

Vai vello Fin Negan pola recta da parcelaria,
tan perfecta, tan recta
que non encontra os pasos
nin rodeiras de carro
nin sebes nin valados
nin loureiros nin cristo,
camiño falso,
chan e liso

(Rivas, 2003: 310).

Nin a pluralidade de direccións, nin a importancia acadada por formas de tratamento desmitificadoras, autosinaladas e irónicas permite falar dunha perda de sentido ou relevancia do espazo, sexa como marco, como tema ou como raíz de significado. Xunto ao *Non son de aquí* que dá título ao xa citado poemario de María do Cebreiro, convive o “*eu son de aquí / desta raíz de nogueira / que fende / o mar*” de Rafa Villar (1997). A propia designación do Batallón Literario da Costa da Morte é testemuño da importancia que se lle segue a conceder ao contorno natural. A antoloxía *De Pondal ao Batallón Literario (120 anos de poesía na Costa da Morte)*, coordinada por Modesto Fraga e o propio Miro Villar (2009), é unha manifestación desta centralidade do espazo, que se converte mesmo en base da actividade antolóxica. Carracedo Doval (1998: 42), na súa análise do Batallón Literario da Costa da Morte e particularmente da obra de Miro Villar, salientou a importancia dos elementos paisaxísticos: “A herba e o mar, os montes e as vilas da comarca forman o marco da súa experiencia existencial, do seu horizonte sempre enfrontado ó Océano Atlántico, coa reflexión sobre o papel do home no mundo que tal inmensidade provoca”. A análise da devandita antoloxía ratifica esta raigame paisaxística e espacial do conxunto dos autores.

Porque, en última instancia, o que define a poesía galega segue sendo a escolla de lingua e escoller a lingua segue a implicar, talvez dun xeito tan evidente coma en calquera outro momento histórico, un posicionamento ideolóxico con respecto a unha identidade colectiva de base territorial. Isto non implica unha limitación, nin unha renuncia aos discursos desmitificadores, cuestionadores e mesmo irreverentes en relación aos tópicos asentados e aos modos tradicionais de construír esa identidade territorial, porque ao carón do mantemento destes usos e formas de aparecer o espazo, a deconstrución irreverente serve de garante que evita unha parálise esclerotizante. Como nos ver-

sos do colectivo Ronseltz, no poema “Galiza” (1994: 57), “Todo na miña terra é paisaxe / menos traxe, / paxe / e garaxe”. Pártese dunha afirmación que non se nega, mais á que se lle dá unha volta de parafuso que permite, como di González (2001: 6), “romper coa gravidade, a transcendencia *avant la lettre* e o clasicismo”. Verifícase así o que ela, con respecto desta antoloxía clave da poesía dos noventa, entende como un rexeitamento dos modelos hexemónicos da identidade. Por iso a pluralidade de perspectivas e modos de representación e reflexión que fomos percorrendo permitiría, servíndonos das súas palabras “ofrecer unha visión non colexiada do mundo, o home e as poliédricas facetas da identidade -o dereito a ser sen responder a modelos esenciais e homoxeneizadores” (González, 2001: 7).

María López Sáñez

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Bibliografía

62

AA. VV. 2008. *A Coruña á luz das letras*. Oleiros: Trifolium.

Alonso, Fran. 1992. *Persianas, pedramol e outros nervios*. Vigo: Alacrán.

— 1996. *Tortillas para os obreiros*. A Coruña: Espiral Maior.

— 1997. *Cidades*. Vigo: Xerais.

Angueira, Anxo. 2007. *Fóra do sagrado*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Cacheiro Varela, Maximino. 2006. *Amor en feminino. Antoloxía das poetas galegas de Rosalía á Xeración dos 80*. A Coruña: Baía Edicións.

Campo, Marica. 2001. *Pedinche luz prestada*. A Coruña: Espiral Maior.

Carracedo Doval, Juan José. 1998. “Poesía galega en presente (En torno a Miro Villar)”, en *Madrygal*, 1, pp. 39-44.

Castro, Rosalía de. 1998. *Cantares gallegos*, en *Poesía completa en galego* (ed. Benito Varela Jácome). Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 6ª ed., pp. 63-196.

Darriba, Manuel. 1997. *Calor*. A Coruña: Espiral Maior.

Fernández Campos, Leo. 2007. *Hai cu*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

- Filgueira Valverde, Xosé. 1969. *Cancioneiriño novo de Compostela*. Vigo: Castrelos.
- Forcadela, Manuel. 2001. *Refutación da musa*. A Coruña: Espiral Maior.
- Fraga, Modesto e Miro Villar (coords.). 2009. *De Pondal ao Batallón Literario (120 anos de poesía na costa da morte)*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Gómez Sánchez, Anxo e Manuel María (eds.). 1997. *Poetas entre a tradición e a modernidade*. Vigo: A Nosa Terra (AS-PG).
- González, Helena. 2001. *A tribo das baleas*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Kruckenberq, M^a do Carme. 1992. *Alegoría do ensoño ferido*. Sada: Edicións do Castro.
- María do Cebreiro. 2006. “A construción do espazo compostelán na poesía galega”, en *Anuario de Estudos Literarios Galegos 2006*, pp. 88-95.
- 2008. *Non son de aquí*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Méndez, Oriana. 2007. *Derradeiras conversas co capitán Kraft*. Vigo: Galaxia.
- Moreno Villar, Xosé María. 1997. “O campo e a cidade na literatura e pensamento galegos”, en *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos*, Oxford: Centro de Estudos Galegos, vol. II, pp. 323-332.
- Nogueira Pereira, María Xesús. 2006. “De vangardas e Penélopes. A intertextualidade na poesía galega dos noventa”, en *Madrygal*, 9, pp. 93-102.
- 2007. “Novos soportes con xente detrás, a produción poética en 2007”, en *Anuario de Estudos Literarios Galegos 2007*, Vigo: Galaxia, pp. 139-149.
- Novo, Isidro. 2007. *Esteiro de noites falecidas*. A Coruña: Espiral Maior.
- O Leo. 2007. *Hai cu*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Pato, Chus. 1991. *Urania*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Pozo Garza, Luz. 1986. *Códice Calixtino*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- 1991. *Códice Calixtino*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- 2004. *Memoria solar*. Ourense: Linteo Edicións.
- Reboiras, Ramón. 2007. *Shakespeare mata o porco cunha rosa*. A Coruña: Espiral Maior.
- Reimóndez, María. 2002. *Moda galega*. Santiago de Compostela: Edicións Positivas.

- Rivas, Manuel. 1995. *Costa da morte blues*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- 1996. *O pobo da noite. Antoloxía poética*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- 2003. *Do descoñecido ao descoñecido*. A Coruña: Espiral Maior.
- Rodríguez, Luciano. 1995. *Los caminos de la voz. Seis poetas gallegos de hoy*. Granada: Diputación Provincial.
- 2004. *Poetas galegos do século XX. Antoloxía*. A Coruña: Espiral Maior.
- Roger, Alain. 1997. *Court traité du paysage*. París: Gallimard.
- Ronseltz. 1994. *Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados*. Santiago: Edicións Positivas.
- Torres Feijoo, Elías José. (coord.). 2000. *Os pousos da pedra: Compostela*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Vázquez Iglesias, Pura. 1997. *Desmemoriado río*. A Coruña: Espiral Maior.
- Villar, Miro. 1992. *Ausencias pretéritas*. A Coruña: Espiral Maior.
- Villar, Rafa. 1997. *Casa ou sombra*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.